

Os socialistas vilalbeses denuncian diante da Garda Civil a desaparición da planta de residuos de construción e demolición

Adoptaron esta decisión porque, recoñecen, “non nos quedou máis remedio, pois o alcalde demostrou pola vía dos feitos que non defende o patrimonio dos seus veciños”.

Dado que, neste caso, é evidente a deixación de funcións do rexedor, e de que “non é quen de tomarse en serio as responsabilidades do seu cargo”, pregúntanse se “realmente Criado terá algo que ocultar e por iso non lle interesa falar do tema”

Con esta denuncia, pretenden “poñer un punto de cordura diante da irresponsabilidade continua do Goberno local. Por iso, adiantan, “solicitamos que se inclúa na orde do día do vindeiro Pleno un apartado específico para tratar este asunto”. De non ser así, solicitarán a convocatoria dun Pleno extraordinario

VILALBA, 24 DE XANEIRO DE 2015.- O PSOE de Vilalba confirma que veñen de denunciar diante da Garda Civil a desaparición da Planta de Residuos de construción e demolición. Os socialistas adoptaron esta decisión porque, recoñecen, “non nos quedou máis remedio, pois o alcalde demostrou pola vía dos feitos que non defende o patrimonio dos seus veciños”.

Dado que, neste caso, é evidente a deixación de funcións do rexedor, e de que “non é quen de tomarse en serio as responsabilidades do seu cargo”, pregúntanse se “realmente Criado terá algo que ocultar e por iso non lle interesa falar do tema”.

Nunca se chegou a poñer en marcha

A planta desaparecida foi construída pola Xunta de Galicia, a petición do concello, co fin de poñela en marcha en 2007 pero, o certo é que nunca funcionou e que a entidade local tampouco tomou ningún tipo de medida para evitar o seu deterioro. Tanto é así que, nin a propia estrutura, nin a báscula, nin os seis contedores que había resultaron alleos ao posible saqueo.

Con esta denuncia, os socialistas pretenden “poñer un punto de cordura diante da irresponsabilidade continua do Goberno local. Todos os vilalbeses e vilalbesas temos dereito a saber o que realmente aconteceu. E, dende logo, a coñecer as explicacións que teñen que dar ao respecto tanto o alcalde como o concelleiro responsable de medio ambiente”. Por iso, adiantan, “solicitamos que se inclúa na orde do día do vindeiro Pleno un apartado específico para tratar este asunto. De non ser así, o Grupo Socialista, solicitaremos a convocatoria dun Pleno extraordinario”.